

**BASES DA CAMPAÑA E SORTEO  
"MERCA E GAÑA EN COMERCIO PUNTO COMPOSTELA"**

**1. Descripción**

"MERCA E GAÑA EN COMERCIO PUNTO COMPOSTELA", é unha campaña promocional e publicitaria, promovida e organizada pola Asociación de Comerciantes Punto Compostela CCA dirixida aos comercios de Santiago de Compostela integrados na Asociación.

A "Edición 2025" desta campaña promocional iniciarase en data de 1 de setembro de 2025 e rematará o 21 de setembro de 2025, ambas engadidas. O ámbito da campaña é o Concello de Santiago, podendo participar consumidores/clientela dos establecementos integrados na Asociación de Comerciantes Punto Compostela CCA, segundo a mecánica de funcionamento que se detalla nas presentes bases.

**2. Obxectivo**

O obxectivo fundamental da campaña é incrementar as vendas e incentivar o consumo no comercio local de Santiago así como fidelizar a clientela.

**3. Dinámica e Funcionamento**

Trátase dunha campaña "aberta", na que poderán participar todas as persoas consumidoras maiores de idade que se rexistren a tal efecto segundo as indicacións detalladas seguidamente neste apartado, e que realicen unha compra por calquera importe en comercios locais retailistas integrados na Asociación Comercio Punto Compostela CCA, sempre e cando a compra se realice durante as datas de duración da campaña, isto é, do 1 de setembro o 21 de setembro 2025, ambos engadidos. Non poderán participar nesta campaña/sorteo as persoas traballadoras da Asociación Comercio Punto Compostela CCA, nin familiares ata segundo grao dos mesmos, así como os titulares e empregados dos establecementos comerciais con tickets de compra dos seus propios negócios.

A clientela que mierque nos comercios asociados nas datas sinaladas (entre o 1 e o 21 de setembro de 2025, ambas engadidas), e desexen participar na campaña, deberán en todo caso conservar o ticket da compra realizada en ditos comercios, ou fotografía do mesmo, a fin de dispor dun xustificante.

Modalidades de inscrición e rexistro da compra realizada aos efectos de participar no sorteо:

A persoa consumidora ou cliente poderá rexistrarse para participar nesta campaña/sorteo a través da plataforma/dirección web habilitada a tal efecto e denominada [www.mercaeganasantigo.com](http://www.mercaeganasantigo.com), efectuando o correspondiente rexistro da operación de compra realizada nos comercios de Santiago de Compostela integrados na Asociación Comercio Punto Compostela CCA., o que lle dará dereito a 1 participación no sorteо. No rexistro deberá quedar perfectamente identificada a operación de compra realizada e a persoa consumidora ou usuaria.

So poderán facer un rexistro por compra e cada operación de compra rexistrada equivale a 1 participación no sorteо. Así, tantas más compras se fagan nos comercios adheridos, máis participacións se poderán obter e máis posibilidades de gañar un dos premios sorteados.

Os datos facilitados polas persoas consumidoras serán tratados pola entidade organizadora cumplindo todos los protocolos e toda a normativa vixente de protección de datos, tal e como se recolle no apartado correspondiente destas bases.

Cada compra debidamente rexistrada por cada persoa consumidora e que cumpla cos requisitos destas bases, dará dereito a unha participación no sorteо desta campaña promocional, pero cada persoa consumidora terá dereito a obter un único premio de todos los sorteados, e no caso de ser agasallado cun premio no curso da realización do sorteо, xa non terá opción a obter máis premios. Tantas más compras fagan nos comercios pertenecentes a Asociación Comercio Punto Compostela CCA, máis participacións poderán obter e máis posibilidades de gañar.

**Rexistro da compra polo comercio**

O comercio podrá participar activamente ndesta campaña/sorteo rexistrando as compras da sua clientela a través da plataforma/dirección web habilitada a tal efecto e denominada [www.mercaeganasantigo.com/comercios](http://www.mercaeganasantigo.com/comercios). Para ello, debe rexistrarse na plataforma web proporcionando os datos requeridos en relación ao seu comercio (proceso detallado no apartado 3.2 Rexistro de comerciantes) e posteriormente efectuando o correspondiente rexistro da operación de compra realizada no seu establecemento. Esta modalidade dá a clientela a posibilidade de obter 2 participacións no sorteо por cada operación de compra rexistrada. No rexistro deberá quedar perfectamente identificada a operación de compra realizada polo cliente, clienta ou persoa consumidora.

De igual maneira, os datos facilitados polas persoas consumidoras e comerciantes serán tratados pola entidade organizadora cumplindo todos los protocolos e toda a normativa vixente de protección de datos, tal e como se recolle no apartado correspondiente destas bases.

Cada compra debidamente rexistrada por cada comerciante e que cumpla cos requisitos destas bases, dará dereito a dúas participacións no sorteо desta campaña promocional, pero cada persoa consumidora terá dereito a obter un único premio de todos los sorteados, e no caso de ser agasallado cun premio no curso da realización do sorteо, xa non terá opción a obter máis premios.

**BASES DA CAMPANA E SORTEO  
"MERCA E GANA EN COMERCIO PUNTO COMPOSTELA"**

**4. REALIZACIÓN DO SORTEO:**

O SORTEO terá lugar en data de 24 de setembro de 2025, ás 12.00 horas mediante un código programado que elixirá aleatoriamente as persoas agraciadas entre todas as participantes, ata rematar a totalidade de premios/tarxetas prepago disponibles para sortear nesta campaña.

A realización telemática do sorteo polo sistema referido, non será aberta ao público, sendo o resultado do mesmo comunicado as persoas agraciadas polos medios que determine a organización, e que permitan deixar constancia da notificación realizada fehacemente.

Os premios enténdense como cantidades brutas, suxeitas ás retencións que establece a lei vixente no seu caso; polo tanto, dita retención aplicarase automaticamente nos supostos que proceda.

A persoa rexistrada na campaña, poderá optar aos premios con varias participacións se é o caso, pero unha vez agraciado cunha destas tarxetas prepago xa non poderá optar a ningunha máis, podendo obter polo tanto cada persoa unha única tarxeta prepago do importe que corresponda.

Así mesmo, só poderá sair un premio por establecemento comercial participante. Isto é, que no caso de que nun mesmo establecemento comercial xa resultara premiado unha persoa cun ticket de compra feita no mesmo, e de novo resultase agraciada unha nova cliente dese mesmo establecemento con outro ticket de compra realizada neste mesmo comercio; neste caso, pasarase ao suplemento, (e así sucesivamente) de tal forma que se distribúan os premios máis equitativamente, e se dean así máis oportunidades, para que toda a clientela de todos los establecimentos participantes asociados, poidan ter a opción de obter un agasallo.

O día da entrega de premios, 30 de setembro, levarase a cabo outro sorteo en directo de tres tarxetas máis. A participación será mediante a entrega de matrices a cada persoa que entregue un ticket do período da campaña que sexa dun establecemento asociado a Comercio Punto Compostela CCA e cun importe maior ou igual a 20 € (ata completar aforo). As persoas agraciadas serán elixidas dende a urna ou recipiente onde están todas as matrices. A orde de extracción será primeiro dúas tarxetas de 500 €, sendo o último premio sacado o de 1.000 €. As tarxetas de premio terán que ser utilizadas na data sinalada pola organización nun período de 4 horas que será avisado ás persoas gañadoras con antelación. O gasto do importe das tarxetas terá que ser como máximo de 200 € en cada un dos establecimentos asociados.

Estas tres persoas gañadoras serán acompañadas aos establecimentos para o gasto dos premios, que debe ser nos comercios asociados a Comercio Punto Compostela CCA. Unha vez a persoa fose premiada, non poderá ser novamente premiada.

**5. Premios**

Os premios a sortear nesta campaña consistirán en TARXETAS PREPAGO de ABANCA, debidamente personalizadas coa imaxe da campaña, e que as consumidoras que resulten agraciadas, deberán utilizar para realizar novas compras única e exclusivamente no comercio local participante na mesma e integrado na Asociación Comercio Punto Compostela CCA. Deste xeito cúmprese o fin último da campaña de incentivar o consumo e incrementar as compras no pequeno comercio de proximidade.

O número total de tarxetas prepago que se sortearán nesta campaña e os importes respectivos das mesmas, serán os seguintes:

5 Tarxetas Prepago por Valor de 200€ cada unha delas.

20 Tarxetas Prepago por Valor de 100€ cada unha delas.

O Importe Total das Tarxetas Prepago a Sortear no Sorteo do dia 24 de setembro é de 3.000€.

O prazo de caducidade destas tarxetas prepago será ata o 30 de decembro do 2025.

Por outra banda, no sorteo do dia 30 de setembro:

2 Tarxetas Prepago por Valor de 500€ cada unha delas

1 Tarxeta Prepago por Valor de 1.000€

**RESERVAS:**

No mesmo acto de realización do SORTEO TELEMÁTICO, ademais das persoas elixidas como agraciadas en primeiro lugar, e seguindo o mesmo sistema telemático, serán elixidas tamén aleatoriamente o seguinte número de reservas, para o caso de que algúna das premiadás non cumpla as condicións ou requisitos desta campaña detallados nas presentes bases reguladoras:

3 reservas para as tarxetas prepago valoradas en 200€

10 reservas para as tarxetas prepago valoradas en 100€

**BASES DA CAMPAÑA E SORTEO**  
**"MERCA E GANA EN COMERCIO PUNTO COMPOSTELA"**

A entrega das Tarxetas Prepago as persoas agraciadas será realizada na modalidade que acorde a organización, unha vez realizado o sorteо, sendo todos os agraciados fehacientemente notificados a tal fin, mediante comunicación persoal.

En calquera caso, comunicárselles as persoas agraciadas previamente e coa antelación suficiente no seu caso, a modalidade acordada para a entrega dos premios. No caso de que algúna persoa agraciada non se presente a recoller o premio correspondente, unha vez notificado fehacientemente e convocada a tal efecto, entenderase que renuncia ao mesmo a tódolos efectos, salvo que a persoa xustifique a súa ausencia ante a organización por causa de forza maior alíes á súa responsabilidade, e proceda a nomear neste caso a unha persoa representante que o recolla no seu nome, que deberá acudir a dita entrega debidamente identificada e autorizada pola agraciada segundo indicacións da organización.

6. A Asociación Comercio Punto Compostela en calidade de entidade organizadora, procederá a realizar todos os trámites pertinentes para a comunicación previa desta campaña ao servizo de XOGOS, encargándose así mesmo da liquidación

das pernientes taxas perante Facenda Autonómica.

7. Estas bases serán depositadas ante NOTARIO, e así mesmo, estarán o disprix de todas as persoas consumidoras interesados en participar e que desexen consultalas, na páxina web [www.mercaeganasantigo.com](http://www.mercaeganasantigo.com)

A mera participación nesta campaña supón a plena aceptación destas bases, así como a aceptación de tódalas condicións e requisitos recollidos nas mesmas a tódolos efectos.

8. PROTECCIÓN DE DATOS. De conformidade co disposto no Reglamento da UE 2016/679 de 27 de Abril do 2016, así como na normativa estatal de aplicación no seu caso, informase que os datos subministrados pola persoa titular dos mesmos aos efectos de participar nesta campaña, serán incorporados a un ficheiro ou rexistro privado e confidencial, do que é titular e responsable a entidade FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO, Ronda da Muralla, no 52, entrechán dereita, 27002 de Lugo; teléfono 982265120, e-mail [fgc@comerciogalicia.es](mailto:fgc@comerciogalicia.es). Este ficheiro estará depositado e almacenárase pola empresa: CDMON, con domicilio en Malgrat de Mar, 08380 de Barcelona, c/ Girona 81-83, Local 6, entidade que cumplirá asimismo con tódalas garantías de confidencialidade e con tódalas obrigas derivadas da normativa de protección de datos aplicable".

Que a lexitimación para a obtención destes datos ven dada, pola necesidade de contar cos mesmos para poder participar nesta campaña/acción promocional ou publicitaria, sendo tales datos tratados con tódalas garantías, e coa única finalidade de dar saída e cumplimentar os fins e obxectivos propios da campaña, e serán ditos datos conservados polo responsable do ficheiro durante o período de duración de dita campaña.

A través da súa participación nesta campaña, o titular dos datos cedidos para a mesma, que coñece e acepta o contido destas bases, presta o seu consentimento e autoriza expresamente a que tales datos básicos de identificación facilitados a tal fin, así como as imaxes tomadas no seu caso dos actos da campaña, poidan ser publicitados/as en medios de comunicación, redes sociais etc, todo elo a efectos única e exclusivamente de divulgar e publicitar dita acción promocional.

Asimismo autoriza a que os datos sexan cedidos a terceiras empresas relacionadas coa entidade organizadora, aos únicos e exclusivos efectos de dar cumprimento aos fins da campaña en canto a divulgación, publicidade e promoción da mesma.

O titular dos datos subministrados, poderá exercer en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación ou supresión, limitación do tratamento, oposición ao seu tratamento, portabilidade, esquecemento, e todos aqueles recollidos na normativa aplicable, por medio de comunicación escrita dirixida a FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO, Ronda da Muralla, no 52, entrechán dereita, 27002 de Lugo, teléfono 982265120, e-mail [fgc@comerciogalicia.es](mailto:fgc@comerciogalicia.es), na cal conste expresamente e se especifique o derecho que deseja exercitar. O titular ten derecho tamén a reclamar ante a autoridade de control en materia de Protección de Datos, no caso de que considere que se vulneraron os seus dereitos nesta materia ou non obtivera satisfacción no exercicio dos mesmos.

9. A Asociación Comercio Punto Compostela resérвase o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como o de suspender a campaña/sorteо, sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade.